<p>*Socioculturais e sociolingüísticos -Valores e crenzas.</p> <p>*Estratéxicos -Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. -Utilizar todos os medios ó seu alcance. -Recoñecer as dificultades de comprensión...</p> <p>*Funcionais -Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc. -Comparar e contrastar alternativas. -Sintetizar unha información. -Discutir sobre a información referida.</p> <p>*Discursivos -Correspondencia formal e informal. -Documentos comerciais. -Presentación. - Audiovisuais. - Conversacións formais e informais. *Sintácticos -Oracións concesivas. - Reformulación. -Exemplificación</p> <p>*Sintácticos - Subordinadas concesivas - Reformular y exemplificar</p> <p>*Léxicos -Traballo.</p> <p>*Fonéticos-Fonolóxicos e ortotipográficos -O uso especial de maiúsculas e minúsculas.</p>	<p>-Coloquio sobre varios proxectos culturais. -Ler un artigo sobre o tempo libre. Coloquio. -Escoitar un programa de radio sobre a conciliación laboral. Tomar notas. Coloquio. - Exercicios sobre os diferentes usos de "aunque". -Ler documentos laborais da empresa. -Escoitar a conversa de dous persoas de recursos humanos falando de candidatos. Tomar notas. -Transmitir unha serie de consellos para realizar unha boa entrevista de traballo. -Escribir una carta de presentación partindo dun modelo dado. -Preparar unha presentación oral para un traballo. -Elixir as características dun bo xefe. Posta en común. -Exercicios práctica de maiúsculas e minúsculas.</p>	<p>CTO -Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles. PCMTO -Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación. CTO CTE -Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos... e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas. PCMTE PCMTO -Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de actualidade... PCMTO -Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a</p>	<p>CTO -É capaz de comprender conversas en lingua estándar, a velocidade normal e ben organizadas. É capaz de seguir as argumentacións. PCMTO -É quen, usando unha lingua estándar, un rexistro formal, de xeito sinxelo e brevemente, de expresar puntos de vista e razoamentos. CTO CTE -É quen de distinguir o ton e o carácter do texto, interpretando o que le con precisión. PCMTE PCMTO -É quen de tomar notas breves en lingua estándar, sobre un tema coñecido a partir dun discurso sinxelo e claro. PCMTO -É capaz de transmitir oralmente e suficientemente a información e as intencións das persoas falantes en lingua estándar e organizadamente.</p>
<p>EOI de Santiago de Compostela Programación didáctica de departamento de español – Curso 2024/2025</p>		<p>Páxina 116</p>	

Recursos: Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 4 sesións de dúas horas.

UNIDAD 12: COMO NO LO SABÍA...

Obxectivos específicos:

- Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.
- Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
- Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.
- Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
- Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
-------------------------	-------------	-------------------------	-------------------

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos -A vida cotiá. *Estratéxicos -Establecer hipóteses e inferir (...). -Restablecer e anticipar (...). - Reformular hipóteses sobre (...). - Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.</p> <p>*Funcionais - Formular hipótesis sobre un determinado suceso presente ou pasado. - Expresar hipótesis e posibilidades no pasado. - Refereir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística. - Especular sobre causas e consecuencias.</p> <p>*Discursivos - Biografías. - Conversas formais e informais. - Audiovisuais. - Textos xornalísticos. - Correspondencia formal e informal.</p> <p>*Sintácticos - Combinacións de pronomes. - Pluscuamperfecto de Subx. - Condicional composto. - Conectores de causa e consecuencia.</p> <p>*Léxicos - Educación. - Eventos e percorridos vitais.</p> <p>*Fonéticos-Fonolóxicos e ortotipográficos - Os signos de puntuación.</p>	<p>- Ler varios testimonios de escritores famosos. Coloquio. - Ver unha noticia sobre escolas alternativas. - Responder as preguntas. - Ler varias oracións con hipótesis no pasado. Facer hipótesis sobre diferentes temas. - Expresar arrepentimentos. - Exercicios con pronomes. - Análisis nun texto dos mecanismos para expresar causa ou razón. - Ler unha entrevista a un experto en educación. Debate sobre o tema do texto. - Ler unha carta persoal. - Escribir un correo electrónico e transmitir a un amigo o que leu na carta. - Exercicios de práctica dos signos de puntuación.</p>	<p>CTO - Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais... PCMTO - Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos... CTE - Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate. PCMTE - Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións... PCMTE PCMTO - Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detalla de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.</p>	<p>CTO - É capaz de comprender textos de extensión media, de boa calidade acústica, ben organizados e claros. PCMTO - É quen de expresarse de xeito suficientemente claro e a un ritmo bastante uniforme usando suficientes recursos lingüísticos para describir, opinar, e utilizando algunhas estruturas complexas. CTE - É quen de identificar a intención de textos sobre acordos, comprender o seu vocabulario e de reaccionar. PCMTE - É quen de escribir correspondencia breve e sinxela expresando sentimentos, desexos e reaccións de xeito axeitado á situación. PCMTE PCMTO - É quen de organizar adecuadamente a información e transmitila con claridade e eficacia.</p>
--	--	---	--

Recursos: Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 4 sesións de dúas horas.

4. NIVEL AVANZADO C1

4.1. DESCRICIÓN DO NIVEL

No *Marco europeo común de referencia para as linguas* (Marco, en adiante) o nivel C1 denomínase de *Autonomía*. Para acadar este nivel o alumnado deberá ser capaz de comprender unha ampla variedade de textos extensos orais e escritos e con certo nivel de esixencia, así como ser quen de recoñecer neles sentidos implícitos.

Deberá saber expresarse de forma fluída e espontánea sen mostras moi evidentes de esforzo para encontrar a expresión adecuada, facer un uso flexible e efectivo do idioma para fins sociais, académicos e profesionais e producir textos claros, ben estruturados e detallados sobre temas de certa complexidade, mostrando un uso correcto dos mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.

A diferenza máis notable entre este nivel e os anteriores é a adquisición dun repertorio lingüístico amplo que permita unha comunicación fluída e espontánea. Esta maior facilidade para comunicarse ten que ir baseada nas destrezas de discurso adquiridas nos niveles anteriores.

A autonomía na aprendizaxe é outro dos piares deste nivel e debe ser alta xa que os alumnos posúen as ferramentas e coñecementos suficientes para poder avanzar pola súa conta ademais de seguir as instrucións do profesor. O que poidan practicar na aula non será suficiente, os alumnos deberán buscar e aproveitar cantas oportunidades encontren ó seu alcance para desenvolver as competencias adquiridas na aula.

4.2. OBXECTIVOS XERAIS

4.2.1. Comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

4.2.2. Producción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

4.2.3. Comprensión de textos escritos

Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

4.2.4. Producción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

4.2.5. Mediación oral e escrita

Mediar entre falantes de español ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

4.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

O nivel avanzado deberá ter como referencia as competencias propias do nivel C1, segundo se define este nivel no MCERL do Consello de Europa.

4.3.1 Comprensión de textos orais

- Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.
- Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.
- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.
- Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.
- Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas.

- Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

4.3.2 Comprensión de textos escritos

- Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.
- Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).
- Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.
- Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
- Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

4.3.3 Producción e coprodución de textos orais

- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
- Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.
- Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ouvarias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
- Facer un uso emocional ou humorístico do idioma expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

4.3.4 Producción e coprodución de textos escritos

- Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.
- Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

- Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.
- Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

4.3.5 Mediación oral e escrita

Mediar entre falantes des español ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.
- Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.
- Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

4.3.6. Contidos. Secuenciación e temporalización

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudámoslle ao alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Estas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias:

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.

- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

Os contidos responden a aquilo que se debe ensinar e aprender para lograr os obxectivos comunicativos propostos para este subnivel. Carecen de entidade propia, pois unicamente deben ser considerados na medida en que son os instrumentos necesarios para acadar o grao de dominio lingüístico establecido nos mínimos esixibles.

Para lograr as aprendizaxes establecidas para este nivel, realízanse actividades da lingua que impliquen procesos para producir e recibir textos relacionados con temas incardinados en ámbitos específicos, poñendo en xogo as estratexias máis axeitadas para levar a cabo as tarefas que se deban realizar.

UNIDADE 1: INDIVIDUO

Obxectivos específicos:

- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Identificar as posturas, desenvolver argumentos e presentar exemplos nun debate informal.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
- Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
-------------------------	-------------	-------------------------	-------------------

<p>*Socioculturais sociolingüísticos -Relacións persoais. -Convencións sociais.</p> <p>*Estratéxicos -Ensaiair o texto oral ou escrito. -Probar novas expresións. -Comentar unha cuestión para expresar acordo ou desacordo.</p> <p>*Funcionais - Falar do carácter. - Expresar a habilidades, gustos, preferencias e aversión. - Falar de valores sociais.</p> <p>*Discursivos - Artigo divulgativo. - Discurso de agradecemento. -Poema. - Entrevista.</p> <p>*Sintácticos - Modificación de adxectivos con adverbios rematados en -mente. - Adxectivos en grao superlativo e con morfemas intensivos. - Verbos que rexen preposición.</p> <p>*Léxicos - Adxectivos para describir a personalidade. - Adverbios en -mente. - Expresións idiomáticas para indicar habilidades, gustos, preferencias, ou aversión. - 'Sendos' e 'ambos'.</p>	<p>- Sinalar similitudes e diferencias de carácter entre persoas.</p> <p>-Presentar oralmente unha unha persoa coñecida á aula.</p> <p>- Ler e escoitar textos de carácter divulgativo.</p> <p>-Debater sobre unha cuestión científica.</p> <p>-Expresar acordo, desacordo ou preferencias persoais.</p> <p>-Ler un poema</p> <p>-Escribir un poema.</p> <p>- Identificar erros léxicos.</p>	<p>PCMTE, PCMTO</p> <p>- Emprega adxectivos intensificados e unha variedade de colocacións para describir o carácter dunha persoa.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Emprega nunha conversa verbos con complemento de réximen.</p> <p>CTO</p> <p>- Sintetiza unha conversa expresando similitudes e diferencias de carácter entre persoas.</p> <p>CTE, PCMTO</p> <p>- Le, comprende e é quen de elaborar argumentos relacionados cun texto de divulgación científica.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Expresa acordo ou desacordo en relación a unha serie de afirmacións.</p> <p>PCMTE</p> <p>- Emprega a lingua española con intención literaria.</p>	<p>PCMTO</p> <p>- Presenta e caracteriza unha personaxe do seu país ante a aula.</p> <p>CTO</p> <p>- É quen de identificar similitudes e diferencias de carácter entre persoas a partir dunha conversa.</p> <p>CTE, CTO</p> <p>- Distingue claramente aquelas expresión que indican preferencia das que indican aversión.</p> <p>CTE</p> <p>- Comprende as ideas principais dun texto de divulgación científica.</p> <p>CTE</p> <p>- Comprende unha entrevista sobre unha cuestión especializada</p> <p>PCMTE</p> <p>- Escribe un poema</p>
--	--	---	---

UNIDADE 2: TIEMPO LIBRE

Obxectivos específicos:

- Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.
- Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ouvarias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
- Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.
- Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

Competencias contidos	e	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
-----------------------	---	-------------	-------------------------	-------------------

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> -Relacións persoais e sociais. -Ocio e lecer. <p>*Estratéxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> -Conversar para chegar a un acordo. - Técnicas de persuasión. - Fórmulas de cortesía para aceptar ou rexeitar unha proposta. - Identificar a estrutura do texto argumentativo. <p>*Funcionais</p> <ul style="list-style-type: none"> -Expresar finalidade -Propor, aceptar ou rexeitar un plan. -Conversar sobre literatura, cine e teatro. -Comprender e empregar distintos patróns entoativos. <p>*Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Textos publicitarios. - Artigo divulgativo. -Reportaxe de investigación. -Texto argumentativo - Entrevista. <p>*Sintácticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estructuras subordinadas con 'para (que)' y a (que)' para expresar finalidade - Estructuras con 'para' que no expresan finalidade <p>*Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresións relacionadas coa estética e o mundo da moda. - Usos de 'para'. - Expresións idiomáticas relacionadas co consumo cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> - Le e comprende un texto divulgativo. - Falar e preguntar sobre preferencias de ocio e propoñer plans. - Conversar para acordar un plan. - Interpretar intención da entoación dos enunciados. - Presentar unha noticia. - Escribir un texto argumentativo. - Ler e escoitar anuncios publicitarios. 	<p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Le e comprende un texto divulgativo. <p>CTE, PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende e emprega estruturas con 'para' dacordo cos seus distintos significados e matices. <p>CTO, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escoita textos publicitarios e é quen de identificar e reproducir diferentes patróns de entonacións e relacionalos coa súa intención comunicativa. <p>CTO, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identifica e reproduce estratexias comunicativas propias da publicidade. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Emprega estratexias de cortesía axeitadas para propor, persuadir, aceptar ou rexeitar un plan de ocio ou suxerir alternativas. <p>PCMTE, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Emprega expresións e colocacións léxicas con 'para' <p>CTO, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escoitar e comprender e opina sobre unha reportaxe de investigación centrada no mundo da moda. <p>CTE ,PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende e emprega un vocabulario específico para falar de estética persoal e da industria moda. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribe un texto 	<p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Le e comprende as ideas esenciais que expresa un texto divulgativo. <p>CTE, PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende e emprega diferentes expresión que indican finalidade. <p>CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Advirte diferencias de entoación en anuncios publicitarios. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pon un título atractivo a unha oferta de ocio. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fala das súas preferencias de ocio. <p>CTO, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende, elabora, e acepta ou rexeita unha proposta de ocio. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presenta unha noticia sobre o mundo da moda na aula. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribe un texto argumentativo sobre a importancia do consumo cultural/literario.
<p>Co de Santiago de Compostela Programación didáctica departamento de esp</p>	<p>para - Tabla 2 de 4/estética</p>	<p>estética</p>	<p>Páxina 129</p>

Recursos: Vitamina C1, Textos audiovisuais, textos escritos. Temporalización: 5 sesións de dúas horas.

UNIDADE 3: MUNDO LABORAL

Obxectivos específicos:

- Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas.
- Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ouvarias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
- Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

Competencias contidos	e	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
-----------------------	---	-------------	-------------------------	-------------------

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos -Traballo e actividades profesionais.</p> <p>*Estratéxicos - Ler e crear ofertas de traballo. - Características dun CV.</p> <p>*Funcionais -Expresar finalidade - Expresar acordo e desacordo. -Argumentar e contraargumentar. -Dar consellos sobre o mundo laboral.</p> <p>*Discursivos - Listado de consellos. - Artigo divulgativo. - Oferta de emprego. - CV - Reportaxe. -Informe.</p> <p>*Sintácticos - Partículas e estruturas relativas. - Conectores textuais.</p> <p>*Léxicos - Expresións para expresar acordo e desacordo. - Expresións relacionadas co ámbito laboral e profesional.</p>	<p>- Ler e escoitar textos de carácter divulgativo.</p> <p>- Escoitar e comprender unha noticia.</p> <p>- Elaborar unha oferta de emprego radiofónica.</p> <p>- Defender unha postura argumentada sobre o éxito laboral.</p> <p>- Escribir consellos para afrontar unha entrevista de traballo.</p> <p>- Preguntar e falar de experiencias laborais.</p> <p>- Identificar as características dun informe.</p> <p>- Identificar datos cuantitativos nun texto informativo.</p>	<p>CTO</p> <p>-Detecta inexactitudes e erros nun texto a partir de nova información que escoita.</p> <p>PCMTO</p> <p>-Elabora unha oferta de emprego radiofónica nun rexistro adecuado empregando un léxico específico.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Opina e argumenta sobre o mundo laboral empregando un léxico especializado e expresións adecuadas segundo o grado de acordo ou desacordo que desexa mostrar e a formalidade da situación.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Da consellos para elaborar un CV e ir a unha entrevista de traballo adecuados a distintos contextos culturais.</p> <p>CTE</p> <p>- Le e identifica distintos conectores textuais e reconece a súa función.</p> <p>CTO</p> <p>- Escoita e comprende un programa de radio cun léxico específico referido ao mundo laboral.</p> <p>CTE</p> <p>- Le e comprende datos cuantitativos, xa sexa nunha gráfica ou nun informe, e é quen de establecer relación entre ambos formatos.</p> <p>PCMTE</p> <p>- Elabora un informe cunha estrutura clara, empregando un léxico específico do ámbito</p>	<p>CTO</p> <p>-Escoita e comprende unha reportaxe.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Elabora unha oferta de emprego radiofónica.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Opina e argumenta sobre o mundo laboral empregando un léxico especializado.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Da consellos para elaborar un CV e acudir a unha entrevista de traballo.</p> <p>CTE, CTO</p> <p>- Comprende e reconece conectores textuais.</p> <p>CTO</p> <p>- Escoita e comprende o tema central dun programa de radio sobre un aspecto do mundo laboral.</p> <p>CTE</p> <p>- Identifica e comprende datos cuantitativos en diferentes formatos.</p> <p>CTE</p> <p>- Coñece e reconece as características dun informe.</p> <p>PCMTE</p> <p>- Elabora un informe a partir dunha serie de datos sobre o ámbito laboral.</p>
--	---	--	---

Recursos: Vitamina C1, Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 5 sesións de dúas horas.

UNIDADE 4: EXPERIENCIA GASTRONÓMICA

Obxectivos específicos:

- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ouvarias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
- Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Competencias
contidos

e

Actividades

Criterios de avaliación

Mínimos esixibles

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alimentación. <p>*Estratéxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificar un termo a partir da súa definición (SI!) - Planificar unha presentación. - Preparar unha argumentación. - Espresar cantidade. - Intervir nun debate. <p>*Funcionais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar finalidade - Expresar acordo e desacordo. - Argumentar e contraargumentar. <p>*Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Menú culinario. - Reportaxe. - Recensión. - Receita de cociña - Entrevista <p>*Sintácticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estruturas comparativas - Dativo ético <p>*Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Colocacións léxicas. - Expresións para expresar cantidades. - Expresións relacionadas co ámbito da alimentación, a restauración e nutrición. - Estruturas para intervir nun debate. 	<ul style="list-style-type: none"> - Escoitar reportaxe radiofónica. - Empregar comparacións nunha conversa para convencer ao interlocutor. - Escoitar e comprender unha entrevista. - Falar sobre preferencias e restricións dietarias. - Escribir unha recensión dun restaurante. - Recomendar un restaurante. - Escribir unha receita de cociña. - Facer unha presentación dun chef. - Planificar e participar nun debate. 	<p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falar de preferencias sobre restaurantes empregando colocacións relativas ao mundo da restauración. <p>CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - escoita e comprende unha reportaxe radiofónica sobre o mundo da restauración e identifica os distintos puntos de vista, expresando acordo e desacordo. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falar das propias preferencias gastronómicas e preguntar polas dos demais empregan estruturas comparativas, e un léxico amplo e específico. <p>CTO, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer e empregar o dativo ético. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribir unha receita empregando léxico específico sobre nutrición e expresións para indicar cantidade. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer unha presentación dun chef de prestixio empregando léxico específico do mundo da restauración só con apoio visual. <p>CTE, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer un proceso de documentación e elaboración de argumentos para participar nun debate sobre gastronomía e empregar estratexias adecuadas e corteses para expor a tese central, rebater, pedir aclaracións, elaborar conclusións, etc. 	<p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falar de preferencias sobre restaurantes e comprende colocacións relativas ao mundo da restauración. <p>CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - escoita e comprende unha reportaxe radiofónica sobre o mundo da restauración e identifica as principais posturas que se expoñen. <p>CTO, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer, comprender estruturas comparativas e empregar algunha para falar das preferencias gastronómicas, empregando un léxico específico. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribir unha recensión dun restaurante. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribir unha receita. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer unha presentación dun chef de prestixio empregando algún léxico específico apoiándose, se é preciso, nun guion. <p>CTE, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Preparar e participar nun debate sobre gastronomía.
--	--	---	--

Recursos: Vitamina C1, Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 5 sesións de dúas horas.

UNIDADE 5: ALTERNATIVAS MEDIOAMBIENTALES

Obxectivos específicos:

- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).
- Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.
- Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

Competencias
contidos

e

Actividades

Criterios
avaliación

de

Mínimos esixibles

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xeografía, natureza e medio rural. - Goberno, política e sociedade. <p>*Estratéxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ensaia o texto oral ou escrito. - Tomar notas. - Realizar mapas conceptuais para adquirir léxico específico. - Participar en faladoiros en RRSS - Estructurar peticións populares. - Dotar un texto de cohesión e coherencia. <p>*Funcionais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar causa - Identificar e expresar emocións no discurso. - Expresar acordo e desacordo con causas sociais e/ou medioambientais. <p>*Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Documental. - Noticia xornalística. - Entrevista radiofónica. - Comentarios en RRSS. - Artigo divulgativo. - Presentación oral. <p>*Sintácticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estructuras para expresar causalidade. - Estructuras con suxeitos e complementos experimentantes. <p>*Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Colocacións léxicas - Léxico para nomear e describir animais. - Expresións 	<ul style="list-style-type: none"> - Resolver un cuestionario. - Escribir unha entrada en RRSS segundo un modelo. - Ler unha reportaxe e insertar nova información seguindo criterios de coherencia textual. - Formar oracións que expresan causalidade. - escoitar e comprender unha reportaxe. - Identificar e clasificar expresións segundo a emoción que indiquen. - Escribir unha mensaxe nun foro. - escoitar e comprender unha conferencia. - Ler e escribir unha petición para abordar un problema medioambiental. 	<p>CTE, CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender e clasificar léxico relacionado coa fauna e o medio ambiente. <p>CTE, PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender un texto sobre a protección do medio ambiente e insertar nel nova información. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falar sobre problemas medioambientais e as súas causas empregando as conxuncións e locucións adecuadas. <p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificar e comprender os matices das expresións para indicar emocións segundo a función sintáctica do experimentante. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribir unha petición de firmas para a plataforma Change.org coherente e claramente estruturada. 	<p>CTE, CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende léxico e colocacións relacionadas coa fauna e o medio ambiente. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falar sobre problemas medioambientais e as súas causas. - Expresar emocións sobre modos alternativos de vida. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribir unha petición de firmas para a plataforma Change.org.
--	---	---	--

Recursos: Vitamina C1, Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 5 sesións de dúas horas.

UNIDADE 6: EDUCACIÓN

Obxectivos específicos:

- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ouvarias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
- Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.
- Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.
- Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas.

Competencias contidos	e	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
-----------------------	---	-------------	-------------------------	-------------------

*Funcionais
 - Expresar consecuencia.
 - Indicar condicións.
 - Expresar preferencias persoais.
 - Empregar signos de puntuación.
 - Elaborar diagramas e esquemas.

*Discursivos
 - Aforismo
 - Artigo divulgativo
 - Reportaxe de investigación.
 - Texto argumentativo
 - Entrevista.

*Sintácticos
 - Estructuras para expresar consecuencia.
 - Estructuras para expresar condición
 - Signos de puntuación: coma, dous puntos, punto e coma, comiñas latinas ou inglesas.

*Léxicos
 - Expresións para referirse a recordos.
 - Sistemas e métodos educativos.
 - Expresións e termos relacionados cos procesos cognitivos e o desenvolvemento.

- Falar e debater sobre modelos educativos.
 - Falar de recordos.
 - Ler e escribir aforismos sobre educación.
 - Completar enunciados para expresar consecuencia.
 - Escoitar e comprender un documental.
 - Conversar para expresar preferencia por un método educativo ou un método de estudo.
 - Escoitar e comprender unha noticia.
 - Investigar sobre un proxecto de innovación educativa e presentalo na aula.

PCMTO

- Falar de recordos sobre a etapa escolar empregando unha variedade expresións.

CTE, PCMTE

- Elaborar unha conclusión a partir de un enunciado empregando conectores consecutivos.

CTO, PCMTO

- Escoitar e comprender un documental sobre diferentes métodos educativos, definir as súas bases teóricas e comparalos .

PCMTO

- Presentar un proxecto educativo alternativo na aula e tomar notas sobre os aspectos centrais de outras presentación para valorar e comparar os proxectos.

CTE, CTO, PCMTE

- Ler e escoitar textos sobre neurociencia para tomar notas e establecer relacións con crenzas e feitos cotiás.

CTE, PCMTE

- Comprender, organizar e parafrasear textos nos que se establecen relación lóxicas mediante o uso do condicional.

CTE

- Comprender a función e empregar adecuadamente os signos de puntuación.

PCMTO

- Falar de recordos.

CTE

- Recoñecer e comprender conectores consecutivos.

CTO, PCMTO

- Escoitar e comprender un documental sobre diferentes métodos educativos e indicar vantaxes e desvantaxes.

PCMTO

- Presentar un proxecto educativo alternativo na aula.

CTE, CTO

- Ler e escoitar textos sobre neurociencia e relacionalos cos asuntos que abordan.

PCMTO

- Falar e establecer hipóteses mediante o uso de marcadores e estruturas condicionais.

CTE, PCMTE

- Puntuar correctamente un texto dado.

Recursos: Vitamina C1, Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 5 sesións de dúas horas.

UNIDADE 7: PAISAJES URBANOS

Obxectivos específicos:

- Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas.
- Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
- Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.
- Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.
- Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

Competencias e contidos

Actividades

Criterios
avaliación

de

Mínimos esixibles

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos</p> <p>- Vivenda, fogar e contorna.</p> <p>- Bens e servizos.</p> <p>*Estratéxicos</p> <p>- Percibir os cambios de significado dos sintagmas segundo a posición dos adxectivos.</p> <p>- Identificar e empregar expresións sinónimas.</p> <p>*Funcionais</p> <p>.</p> <p>*Discursivos</p> <p>- Carta de requerimento.</p> <p>- Entrevista radiofónica.</p> <p>- Artigo divulgativo.</p> <p>- Titulares de prensa.</p> <p>- Ensaio</p> <p>-Comentarios e conversas en RR.SS.</p> <p>*Sintácticos</p> <p>- Posposición e anteposición do adxectivo.</p> <p>Estructuras con 'para' que no expresan finalidade</p> <p>*Léxicos</p> <p>- Partículas temporais.</p> <p>- Urbanismo, arquitectura e deseño de interiores.</p> <p>- Expresións para indicar resignación, esperanza ou alivio.</p>	<p>- Ler e comprender un artigo divulgativo.</p> <p>- Ler e comprender mensaxes publicadas en diferentes RR.SS.</p> <p>- Identificar expresións sinónimas.</p> <p>- Elaborar unha presentación sobre un fito arquitectónico.</p> <p>- Debater sobre arte urbano e facer propostas para mellorar áreas degradadas.</p> <p>- Expresar unha interpretación persoal dunha obra pictórica.</p> <p>- Conversar sobre as problemáticas relacionadas coa vivenda.</p> <p>- Escribir unha carta de requerimento a unha compañía de seguros.</p> <p>- Facer unha presentación oral a partir dun texto ensaístico.</p>	<p>CTE,PCMTO</p> <p>-Comprende e utiliza os matices de certos usos das partículas temporales en textos e para falar da súa propia experiencia.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Presentar un fito arquitectónico na aula utilizando adecuadamente expresións temporais para referir distintas fases na súa construción e uso.</p> <p>CTE</p> <p>- Ler e comprender artigos sobre arte urbano e explicar o uso e significado de adxetivos pospostos e antepostos.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Describir e interpretar obras de arte urbano.</p> <p>CTE, PCMTO</p> <p>- Ler, crear e interpretar diálogos sobre problemas relacionados coa vivenda, utilizando distintas expresións en función das emocións do falante</p>	<p>CTE, PCMTO</p> <p>- Comprende e utiliza os matices de certos usos das partículas temporales en textos.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Presentar un fito arquitectónico na aula indicando distintas fases na súa construción e uso.</p> <p>CTE</p> <p>- Ler e comprender artigos sobre arte urbano.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Describir obras de arte urbano.</p> <p>CTO, PCMTO</p> <p>- Comprender y utilizar expresiones que indiquen resignación, alivio o esperanza.</p> <p>CTO</p> <p>- Comprender e utilizar un léxico relativo ao interiorismo e as problemáticas asociadas.</p> <p>CTE, PCMTO</p> <p>- Presentar en el aula la opinión personal sobre un texto ensayístico.</p>
<p>EOI de Santiago de Compostela Programación didáctica departamento de español – Curso 2024/2025</p>		<p>CTE, PCMTE</p> <p>- Leer y escribir cartas de requerimiento relacionadas con problemas en la vivienda.</p>	<p>Páxina 139</p>

Recursos: Vitamina C1, Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 5 sesións de dúas horas.

UNIDADE 8: GEOGRAFÍA Y VIAJES

Obxectivos específicos:

- Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.
- Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).
- Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
- Facer un uso emocional ou humorístico do idioma expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.
- Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
-------------------------	-------------	-------------------------	-------------------

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Viaxes e estancias no estranxeiro. - Xeografía, natureza e medio rural. - Cultura e actividades artísticas. <p>*Estratéxicos</p> <p>*Funcionais.</p> <p>Facer recomendacións</p> <p>*Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversación informal. - Cuestionario. - Recensión de un servicio. - Blog - Artigo xornalístico. - Sinopse dunha banda deseñada. - Relato curto <p>*Sintácticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estructuras para corrixir información e pedir e dar confirmación. - Perífrases verbais. <p>*Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elementos paisajísticos. - Viaxes e turismo. - Expresións para dar consellos ou recomendacións. 	<ul style="list-style-type: none"> - Reaccionar e corrixir información nunha conversa. - Crear un cuestionario. - Falar de preferencias á hora de viaxar. - Ler e comprender recensións en RR.SS. - Ler e comprender un artigo xornalístico sobre o turismo masivo. - Recomendar e comentar libros. - Escribir un relato curto. 	<p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> -Falar e comentar as características dos lugares visitados utilizando un vocabulario específico. <p>CTO, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Corrixir e pedir confirmación sobre as características de determinados lugares utilizando expresións adecuadas. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Falar de experiencias de viaxe empregando un léxico específico sobre tipos de turismo e perífrases que indican probabilidade ou o tempo ou progreso dunha acción. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribir entrada de blog que sirva de guía de viaxe, utilizando expresións para aconsellar ou recomendar actividades. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recomendar e falar de libros con compañeiros empregando un léxico específico. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Narrar unha viaxe ideal empregando a linguaxe con intención literaria. 	<p>CTO, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender e empregar vocabulario específico para describir características xeográficas de lugares. <p>CTO, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender diálogos nos que reacciona ante información, pedindo confirmación ou corrixindo. <p>CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender o significado de perífrases verbais que indican probabilidade ou o tempo ou progreso dunha acción. <p>CTE, PCMTEO, PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender e utilizar léxico relacionado con turismo e viaxes. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribir unha entrada de blog recomendando un destino de viaxe. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recomendar un libro. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribe unha narración sobre viaxe.
--	--	--	--

Recursos: Vitamina C1, Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 5 sesións de dúas horas.

UNIDADE 9: DEPORTE Y BIENESTAR

Obxectivos específicos:

- Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.
- Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
- Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.
- Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ouvarias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.

Competencias contidos	e	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
-----------------------	---	-------------	-------------------------	-------------------

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saúde, cuidados físicos e atención sanitaria. <p>*Estratéxicos</p> <p>*Funcionais</p> <ul style="list-style-type: none"> -Mantener una conversación para ofrecer ayuda y consolar. <p>*Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Artigo divulgativo - Entrevista - Debate - Conversa informal - Entrevista - Poema <p>*Sintácticos</p> <p>Estruturas concesivas.</p> <p>Estruturas con verbos de opinión.</p> <p>*Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Deporte e exercicio. - Saúde e enfermidade. - Tendencias estéticas. -Colocacións léxicas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ler e comprender artigo divulgativos. - Ler e comprender entrevistas. - Recoñecer e construír enunciados con estruturas concesivas. - Presentar un deporte pouco coñecido. -Relacionar un fragmento dun texto cunha expresión que o resuma. -Escoitar e producir diálogos nos que se ofrece apoio. - Buscar expresións sinónimas. - Sinalar similitudes e diferencias de carácter entre persoas. - Falar de vantaxes e desvantaxes de técnicas para reducir o estrés. - Ler e opinar sobre tendencias estéticas. - Ler e parafrasear un poema. 	<p>CTE, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ler e comprender textos nos que se recollen as normativas de diferentes deportes para comparalos, indicando elementos común. <p>CTO, PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escoitar unha entrevista e tomar notas sobre os aspectos que se indican. <p>CTE, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificar, comprender e empregar diferentes estruturas concesivas. <p>CTE, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer un proceso de documentación e elaboración de argumentos a favor e en contra que conteñan estruturas concesivas para participar nun debate sobre hábitos de vida saudable. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer unha presentación ben estruturada sobre un deporte pouco coñecido empregando léxico específico. <p>CTE, PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ler e comprender un artigo divulgativo e sintetizar cada parágrafo cun título. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Definir palabras e expresións relacionadas co ámbito da saúde. 	<p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ler e comprender textos nos que se recollen as normativas de diferentes deportes. <p>CTO, PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escoitar e comprender unha entrevista e tomar notas das ideas principais. <p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificar e comprender diferentes estruturas concesivas. <p>CTE, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Prepararse para participar nun debate sobre hábitos saudables. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer unha presentación sobre un deporte pouco coñecido. <p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comprender o léxico do ámbito da saúde e dos deportes. <p>CTE, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ler e comprender un artigo divulgativo e valorar os posibles beneficios de técnicas de redución de estrés empregando un léxico específico e verbos de opinión. <p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ler e comprender unha entrevista sobre un tema científico e identificar as ideas principais. <p>CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificar as estruturas concesivas propias de contextos informais.
<p>EOI de Santiago de Compostela Programación didáctica de departamento de español</p>		<p>CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escoitar, crear e interpretar diálogos para una conversación informal sobre saúde, adaptándoo a intención e emocións de cada situación. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer unha presentación sobre a evolución de tendencias estéticas nun contexto informal. 	<p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer unha presentación sobre a evolución de tendencias estéticas nun contexto informal.

Recursos: Vitamina C1, Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 5 sesións de dúas horas.

UNIDADE 10: ECONOMÍA Y NEGOCIOS

Obxectivos específicos:

- Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.
- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ouvarias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

Competencias contidos	e	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
-----------------------	---	-------------	-------------------------	-------------------

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Economía e industria. - Compras actividades. <p>*Estratéxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ensaia o texto es. <p>*Funcionais (SII)</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Uso de mitigadores. ● Estratexi comunicación. ● Coñecer estrutura dun artigo de opinión. <p>*Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Artigo divulgati - Entrevista. - Artigo de opinión - Faladoiro de ra <p>*Sintácticos</p> <p>Estruturas conce</p> <p>Estructuras partículas de rel:</p> <p>*Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Economía e con - Siglas. - Expresións argumentar - Muletillas 	<p>-Ler e comprender artigos de prensa.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escribir e representar diálogos para unha situación dada. - Comprobar a veracidade dunha afirmación acudindo a unha fonte textual. - Explicar o contido dun artigo á aula. - Valorar o grao de cortesía e as actitudes nunha conversa. - Relacionar titulares coas seccións dun xornal. ● Reformular oracións para empregar partículas relativas -Empregar nunha conversa expresións para argumentar e contraargumentar. - escoitar e comprender un programa de radio. - Opinar e describir hábitos de consumo. - escoitar e comprender unha entrevista. - Ordenar un diálogo. - Definir as pautas para escribir un artigo de opinión. 	<p>CTE</p> <p>-Ler e comprender un texto divulgativo e recoñecer nel o léxico especializado do ámbito da economía.</p> <p>CTE, PCMTE, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ler, escribir e representar diálogos que presenten argumentacións e contraargumentacións sobre aspectos da economía empregando diversas estruturas concesivas. <p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ler un artigo divulgativo do ámbito dos negocios e a produtividade e procurar nel información que confirme ou negue unha afirmación dada previamente. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Explicar en detalle a outra persoa un aspecto técnico do ámbito dos negocios e a produtividade. <p>CTO, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> -Identificar e empregar estratexias de cortesía para opinar e contraargumenta en distintas situacións. <p>CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorar o grao de cortesía dunha intervención. <p>CTE</p> <p>- Reconoce e emprega</p>	<p>CTE</p> <p>-Ler e comprender un texto divulgativo que contén léxico específico do ámbito da economía.</p> <p>CTE, PCMTE, PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ler, escribir e representar diálogos que presenten argumentacións e contraargumentacións sobre aspectos económicos. <p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ler e comprender un artigo divulgativo sobre o ámbito dos negocios e a produtividade . - Explicar a outra persoa un aspecto técnico do ámbito dos negocios e a produtividade. <p>CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificar e comprender as estratexias de cortesía para opinar e contraargumenta en distintas situacións. <p>CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorar o grao de cortesía dunha intervención. <p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as distintas seccións dun xornal. <p>CTE, PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reformula secuencias dadas empregando partículas de relativo.
<p>EOI de Santiago de Compostela Programación didáctica de departamento de español</p>	<p>Correspondencia</p> <p>CTE, PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reconoce e emprega 	<p>- Ler e recoñecer a correspondencia de titulares con distintas seccións dun xornal.</p> <p>CTE, PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reconoce e emprega 	<p>CTE</p> <p>Páxina 146</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as pautas e a estrutura dun artigo de opinión.

Recursos: Vitamina C1, Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 5 sesións de dúas horas.

UNIDADE 11: PALABRAS, PALABRAS

Obxectivos específicos:

- Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.
- Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.
- Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.
- Facer un uso emocional ou humorístico do idioma e expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.
- Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.
- Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

Competencias contidos	e	Actividades	Criterios avaliación	de	Mínimos esixibles
--------------------------	---	-------------	-------------------------	----	-------------------

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos</p> <p>-Cultura e actividades artísticas.</p> <p>*Estratéxicos</p> <p>*Funcionais Extrapolar fenómenos lingüísticos que se dan en español á L1. Trazos lingüísticos das variedades do español de América. Parafrasear a linguaxe literaria.</p> <p>*Discursivos</p> <p>- Artigo de opinión. - Circular. - Entrevista radiofónica. - Canción. - Novela.</p> <p>*Sintácticos Estructuras impersonais Estructura de pasiva reflexa.</p> <p>*Léxicos</p> <p>- Léxico español e anglicismos de uso frecuente. - Equivalencias léxicas entre variedades do español. - Cambios de significado segundo o xénero gramatical. - Estructuras para reforzas opinións. - Literatura</p>	<p>- Ler e comprender artigos de opinión.</p> <p>- Identificar préstamos de outras linguas no español.</p> <p>- Identificar e falar de hispanismos na lingua propia.</p> <p>- Escribir enunciados empregando estruturas impersonais e pasivas reflexas.</p> <p>- Identificar expresións sinónimas.</p> <p>- Conversar e ofrecer opinións sobre cuestións sociolingüísticas.</p> <p>- Identificar e explicar exemplos de linguaxe sexista na propia lingua.</p> <p>- Reelaborar un texto sen o uso do masculino xenérico.</p> <p>- Coñecer e identificar trazos das distintas variedades do español de América.</p> <p>- Ler e comprender fragmentos de novelas.</p> <p>-Parafrasear a linguaxe literaria.</p> <p>- Identificar a intención dun texto literario a partir de trazos de estilo.</p> <p>- Contar unha historia seguindo un estilo literario concreto.</p>	<p>CTE, CTO</p> <p>-Identificar qué palabras en español poden empregarse en lugar de anglicismos frecuentes.</p> <p>CTE, PCMTE</p> <p>- Recoñecer e empregar nos seus contextos frecuentes construcións impersonais e pasivas reflexas.</p> <p>CTE</p> <p>- Ler e comprender un artigo divulgativo.</p> <p>PCMTO</p> <p>- Reflexionar e poñer en común opinións sobre o uso sexista da lingua.</p> <p>PCMTE</p> <p>-Coñecer e aplicar estratexias para evitar usos lingüísticos sexistas.</p> <p>CTO</p> <p>- Coñecer e recoñecer os trazos fonético-fonolóxicos e léxicos propios das diferentes variedades do español de América.</p> <p>CTE</p>	<p>CTE, CTO</p> <p>- Coñecer palabras en español para empregar en lugar de anglicismos frecuentes.</p> <p>PCMTE</p> <p>- Reformular enunciados empregando estruturas impersonais e pasivas reflexas.</p> <p>CTE</p> <p>- Responder preguntas de resposta múltiple sobre un texto divulgativo e identificar sinónimos de palabras dadas.</p> <p>CTE</p> <p>- Recoñecer cambios de significado en función do xénero de substantivos.</p> <p>CTE</p> <p>- Coñecer substantivos colectivos que suplen o uso do masculino xenérico.</p> <p>CTO</p> <p>- Comprender intervencións orais e textos de diferentes variedades do español de América e sinalar algún trazo distintivo con respecto ao español peninsular.</p> <p>CTE</p> <p>- Ler e comprender textos novelísticos.</p> <p>PCMTE</p> <p>- Reescribir textos literarios empregando un estilo diferente.</p>
<p>EOI de Santiago de Compostela Programación didáctica de departamento de español –</p>	<p>Curso 2024/2025</p>	<p>- Ler e comprender textos novelísticos e identificar pasaxes nas que destaque a intención estética da lingua o trazos</p>	<p>Páxina 148</p>

Recursos: Vitamina C1, Textos audiovisuais, textos escritos sinxelos. Temporalización: 5 sesións de dúas horas.

UNIDADE 12: SIGLO XXI

Obxectivos específicos:

- Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións
- Participar nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.
- Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
- Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
-------------------------	-------------	-------------------------	-------------------

<p>*Socioculturais e sociolingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ciencia e tecnoloxía - Información e medios de comunicación. - Relacións persoais e sociais. <p>*Estratéxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - <p>*Funcionais</p> <p>Mediación cultural</p> <p>*Discursivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Artigo divulgativo - Programa de radio de divulgación científica. - Infografía - Exposición oral. - Entrevista. <p>*Sintácticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estructuras con futuro composto. - Estructuras para expresar posibilidade. - Estructuras subordinadas que indican lugar. <p>*Léxicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Novos medios de comunicación. - Tecnoloxía. - Expresións para contraargumentar. - Expresións para falar de datos. - Usos do artigo definitivo e indefinido 	<ul style="list-style-type: none"> - Ler e escoitar reportaxes e artigos divulgativos. - Reformular oracións empregando o futuro composto. - Conversar sobre hábitos de uso das novas tecnoloxías da información. - Conversar para establecer hipóteses. - Resumir o contido dun parágrafo nun título. - Presentar un fito tecnolóxico na aula. - Relacionar unha palabra coa súa definición. - Conversar e reflexionar sobre aspectos característicos da cultura de diferentes países. - Preparar e facer unha exposición sobre aspectos da propia cultura. - Participar en como entrevistado para falar de los medios de comunicación hoy. 	<p>CTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Escoitar e comprender un programa de divulgación científica para confirmar ou descartar hipóteses previamente elaborada. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversar sobre as novas tecnoloxías e o seu impacto na vida persoal e na sociedade empregand o un léxico especializado <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversar para propor e debater hipóteses empregando estruturas axeitadas que impliquen o uso do subxuntivo e o condicional. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reflexionar e conversar sobre as diferenzas culturais entre o propio país e os paiseshispanofalantes. <p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sintetiza a información esencial dun texto 	<p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participar nunha entrevista sobre medios de comunicación. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversar sobre as novas tecnoloxías e o seu impacto na vida persoal e na sociedade. <p>PCMTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reformular oracións empregando o futuro composto. <p>PCMTO</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversar para propor e debater hipóteses. <p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Le e comprende un artigo de divulgación científica. <p>CTE</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprende a diferenza de matiz que aportan o artigos definitivos e indefinidos.
---	--	--	---

5. AVALIACIÓN

5. AVALIACIÓN

5.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN

A avaliación dos niveis básico, intermedio e avanzado das ensinanzas de idiomas de réxime especial réxese polo Real Decreto 1/2019, de 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial; polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia; pola Resolución do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia para o curso 2024/25; e pola Instrución 8/2024 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2024-2025.

5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

5.2.1. AVALIACIÓN INICIAL

En función dos resultados das avaliacións finais e das necesidades detectadas na avaliación inicial, reforzaranse, ben grupalmente, ben individualmente, aquelas áreas e aprendizaxes nas que se observen carencias e necesidades.

Tamén se terá en conta o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional para identificar as súas dificultades e as súas necesidades de atención educativa.

As características da avaliación inicial son:

1. Data: principio de curso
2. Que se avalía: o coñecemento inicial das competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas do alumnado.

3. Como se avalía: a través dunha proba e da observación e análise das tarefas realizadas polo alumnado.

4. Para que se avalía: para coñecer a situación de partida do alumnado. Este coñecemento é moi importante nos cursos de idiomas e especialmente no caso de Español para estranxeiros, por mor da diversidade de formas de acceso que existen e das distintas procedencias e graos de competencia do alumnado. Coñecer toda esta diversidade permitiralle ao profesor elaborar actividades específicas para tratar algún aspecto que non dominan todos, prever aqueles aspectos da programación que cómpre tratar dun modo especial e propoñerlle tarefas individualizadas a quen o precise.

5. Como se considera: establece un punto de referencia individual e do grupo que permitirá valorar o progreso. Ten valor informativo, tanto para o profesorado como para o alumnado.

5.2.2. AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261).

A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas. Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso.

A avaliación formativa fará uso de procedementos e instrumentos de avaliación que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado. Para incorporar a avaliación formativa á practica docente seguiranse as seguintes estratexias básicas:

1. Aclarar, compartir e comprender as intencións da aprendizaxe e os criterios de avaliación.
2. Amosar evidencia de que a aprendizaxe está a ter lugar.
3. Proporcionar *feedback* para potenciar o progreso.

4. Aproveitar a co-avaliación como axuda para a aprendizaxe.
5. Facer a cada alumno responsable da súa aprendizaxe.

5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO

O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua.

Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

5.2.4. PROBA FINAL DE PROMOCIÓN E DIRECTRICES PARA A SÚA ELABORACIÓN

Esta proba será elaborada, administrada e corrixida polo profesorado dos departamentos didácticos de acordo coas especificacións establecidas por cada un deles. Terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

A proba final de promoción realizarase tras a finalización do segundo cuadrimestre, en convocatoria ordinaria, ou ao finalizar o correspondente cuadrimestre no caso dos cursos intensivos.

Haberá unha convocatoria extraordinaria da proba final de promoción, previsiblemente na segunda quincena do mes de xuño, na que o alumnado só terá que examinarse das partes non superadas na convocatoria ordinaria.

Puntuación e cualificación

Nos cursos de nivel A1, a proba final de promoción terá un valor de 100 puntos e constará de catro partes (comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita). Cada parte terá un valor de 25 puntos.

Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro actividades de lingua. O alumnado que na convocatoria ordinaria non acade o mínimo de 15 puntos en todas as actividades de lingua, deberá examinarse daquelas nas que non obtivera 15 puntos na convocatoria extraordinaria.

En todos os cursos e niveis, o alumnado que non promociione deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua.

5.2.5. PROBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel terá dereito a unha convocatoria de probas ordinaria, que terá lugar tras a finalización do segundo cuadrimestre, e outra, extraordinaria, que se realizará previsiblemente na segunda quincena de xuño. Nos cursos intensivos e de nivel integrado que se realicen no primeiro cuadrimestre, a convocatoria ordinaria será a finais do primeiro cuadrimestre, e a extraordinaria tras a finalización do segundo cuadrimestre.

Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

As probas terminais específicas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior, e o nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas correspondentes ao nivel básico A2 e intermedio B1 serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as pautas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades na guía de elaboración do nivel correspondente.

As probas correspondentes aos niveis intermedio B2 e avanzado C1 e C2 serán deseñadas, a partir de tarefas redactadas polos departamentos didácticos das distintas escolas, por unha comisión de validación que a Dirección Xeral de Formación Profesional e Innovación Educativa designará para tal efecto.

A administración, avaliación e cualificación das probas será responsabilidade dos departamentos didácticos.

As guías informativas das probas de certificación de cada nivel poderanse consultar na páxina web da escola, www.eoisantiago.org.

Estrutura e contido

As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturaránse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

As probas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado (B1, B2, C1) estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación.

O alumnado examínase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatoria para a realización do resto delas.

As probas correspondentes á comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos basearíanse en textos auténticos ou adaptados extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita. A tipoloxía das tarefas deberá ser a apropiada para avaliar tanto a comprensión global como a comprensión de aspectos máis particulares de cada un dos textos.

No nivel A2, na proba de produción, coprodución e mediación escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción, coprodución e mediación oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes.

A cualificación da coprodución e mediación escrita e produción, coprodución e mediación oral das probas será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Nos niveis B1, B2 e C1, na proba de produción e coprodución escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción e coprodución oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes. A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaránse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

A cualificación da produción e coprodución de textos orais; produción e coprodución de textos escritos, e mediación, será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Puntuación e cualificación

A puntuación total da proba terminal de certificación do nivel A2 será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba.

A puntuación total da proba terminal de certificación para os niveis B1, B2, C1 e C2 será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba e se obteña unha puntuación mínima do 65% no total da proba. O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, a cualificación outorgada ao alumnado será de apto, non apto ou non presentado, segundo corresponda.

O alumnado que non obteña a cualificación de apto nas probas terminais de certificación dos diferentes niveis poderá solicitar unha certificación académica na que se faga constar, con mención de todas as partes que conforman a proba, que acadou o grao de dominio requirido nas actividades de lingua que avalíen as partes superadas.

Convocatorias

O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotadas as convocatorias o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

Alumnado con necesidades educativas especiais

A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na celebración das probas deberanse adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización delas.

5.2.6. AUTOAVALIACIÓN

Nestes tempos nos que tanto se fala de calidade na educación non debemos perder de vista que, nunha sociedade democrática e plural, un ensino de calidade debe ser sinónimo de atender os diferentes ritmos de estudo e de aprendizaxe do alumnado.

Unha das estratexias que pode contribuír a afrontar a diversidade do alumnado na aula é ensinarlle a que avalíen a súa propia aprendizaxe. A autoavaliación pode e debe ser un instrumento que facilite atender, respectar e valorar os distintos ritmos de aprendizaxe segundo as diferentes características do alumnado: capacidades, estilos de aprendizaxe, estratexias cognitivas, experiencias e coñecementos previos, motivación, atención, axuste emocional e social, etc.

A autoavaliación é a estratexia por excelencia para educar na responsabilidade e para aprender a valorar, criticar e a reflexionar sobre o proceso de ensino e aprendizaxe individual realizado polo alumnado.

Principalmente, dos beneficios que presenta a realización dunha auténtica autoavaliación, destacan os seguintes:

a) É un dos medios para que o alumnado coñeza e tome conciencia de cal é o seu progreso individual no proceso de ensino e aprendizaxe.

b) Axuda o alumnado a responsabilizarse das súas actividades, á vez que desenvolven a capacidade de autogoberno.

c) É un factor básico de motivación e reforzo da aprendizaxe.

d) É unha estratexia que lle permite á/ao docente coñecer cal é a valoración que o alumnado fai da aprendizaxe, dos contidos que se traballan na aula, da metodoloxía empregada...

e) É unha actividade de aprendizaxe que axuda a reflectir individualmente sobre o proceso de ensino e aprendizaxe realizado.

f) É unha estratexia que pode substituír outras formas de avaliación. Para atender a diversidade é necesario utilizar diferentes instrumentos avaliativos para tratar de valorar a progresión das capacidades de cada alumno/a. A autoavaliación pode ser unha estratexia máis nese proceso de valoración.

g) É unha actividade que axuda a profundizar nun maior autoconhecimento e comprensión do proceso realizado.

h) É unha estratexia que posibilita a autonomía e autodirección do alumnado.

De todas as razóns anteriormente expostas non cabe ningunha dúbida de que a autoavaliación do alumnado pode e debe ser empregada como estratexia para afrontar a diversidade de intereses, necesidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado.
- b) A aprendizaxe lograda polo alumnado.
- c) As medidas de individualización do ensino.
- d) O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- e) A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.
- f) As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...)
- g) A coordinación co resto do profesorado.

Pautas de intervención para afrontar a diversidade a través da autoavaliación do alumnado.

A continuación presentamos unha listaxe de técnicas que o profesorado poderá utilizar para facer realidade os procesos de autoavaliación como estratexia de aprendizaxe para atender a diversidade.

- a) O bloc de autoavaliación: Actividade na que a/o estudante evidencia os esforzos realizados, a valoración do traballo conseguido (que sabía?, como aprendín?, que sei agora?), en relación aos contidos tanto do ámbito conceptual, procedimental e actitudinal, cales foron as mellores ideas, os logros conseguidos nos **distintos ámbitos do coñecemento...**

Véxase a continuación un posible modelo que se aplicará:

TÍTULO DA UNIDADE	
Obxectivos	Especificaranse os obxectivos da unidade
Actividades	Cada alumna/o ten que facer unha reflexión sobre as actividades que se levaron a cabo na clase para acadar os obxectivos e listalos aquí.
Conseguino? (Escala 1-5)	O profesor/a decidirá se utilizar unha autoavaliación ou coavaliación (despois dun intercambio de impresións entre pares), alternando as dúas metodoloxías en diferentes unidades.

Que máis podo facer para consolidar/repasar?	Caderno de exercicios, actividades online, fotocopias, actividades, etc. (O profesor/a recomenda recursos para consolidar e repasar a unidade e pídelles ao alumnado que aporte máis ideas e materiais.)
--	---

b) Ferramentas de autorreflexión elaboradas pola/o docente: Actividades que a/o docente diseña co obxecto de avaliar e comprender como o alumnado vai conseguindo os obxectivos: elaboración de cuestionarios, listas de control, escalas de estimación, protocolos, adaptación das rúbricas para a avaliación das actividades de **produción...** Estas ferramentas servirán para recoller as informacións relevantes sobre o proceso de ensino e aprendizaxe realizado.

c) O portafolio como instrumento para a avaliación formativa do estudantado. O portafolio é unha colección de traballos, actividades, etc. que a/o alumna/o realizou durante un curso. Pero quizais o máis importante desta selección de actividades radique en que estará composto polas actividades que lle permitiron a posibilidade de valorarse máis a si mesmos, como de sentirse máis seguros de si mesmos.

A colección de traballos poderán ser do seguinte tipo: mapas conceptuais dos temas; cuestións ou actividades de diferentes niveis de complexidade de cada un dos temas formulados pola/o docente; resolución de casos prácticos.

A autoavaliación da/o docente.

O profesor e o departamento deben facer unha autoavaliación sobre os resultados obtidos tralas diferentes probas feitas ao alumnado. No caso de ter un elevado índice de suspensos, 50% ou superior, cada docente deberá reflexionar sobre a idoneidade da proba e suscitarse unha serie de preguntas:

- Que parte do alto índice de suspensos é responsabilidade do propio profesor?
- Axustouse a proba ao traballado visto durante estas semanas no aula?
- Que mecanismos debo activar para evitar futuros resultados similares?
- Axústase a programación ao nivel?
- As actividades no aula ao longo do curso foron as adecuadas?
- Que podo facer para, nunha nova convocatoria, mellorar os resultados?

Esta autoavaliación debe ser parte de cada reunión de departamento posterior ás diferentes probas. Nela débense valorar tanto os resultados individuais como colectivos do departamento e suscitarse a posibilidade de establecer uns criterios de mellora común. Estes

criterios poden incidir en mellorar as coordinacións de elaboración de probas, as pilotaxes internas das probas e unha avaliación crítica de cada docente sobre o seu traballo.

Ao finalizar o curso, e como parte da memoria do curso, farase un estudo estatístico dos resultados obtidos, que posteriormente se tratarán na reunión de departamento para a súa análise, fixar medidas correctoras de ser necesarias e trasladar finalmente os resultados ao claustro.

5.3. CONVOCATORIA DAS PROBAS

A Consellería competente en materia de educación regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado

Na convocatoria extraordinaria, o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria (no caso de B1 e B2, nas destrezas que teña unha puntuación entre 12,5 e 16, non será obrigatorio presentarse). As datas e o horario para a realización das probas de certificación dos diferentes niveis serán establecidas anualmente pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para aqueles idiomas que se impartan en máis dunha escola.

O alumnado que estea matriculado na modalidade presencial poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación na mesma convocatoria e idioma en niveis diferentes aos que estea cursando.

Información e comunicación dos resultados da avaliación

Ao remate da proba de certificación, informarase por escrito e por Internet (aplicación informática *Centros-Net*) ao alumnado, ou aos seus representantes legais no caso de menores de idade, acerca dos resultados da avaliación final. A dita información incluírá as cualificacións obtidas nas distintas destrezas comunicativas cursadas.

5.4. ASISTENCIA

O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotadas as convocatorias, o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

O alumnado poderá solicitar ao centro a renuncia de matrícula ata a data decidida pola Consellería de Educación. A mencionada renuncia constará no expediente académico e nas actas de avaliación do alumnado mediante a oportuna dilixencia. Esta renuncia non computará para efectos de permanencia no curso e nivel correspondente. O alumnado que renuncie á matrícula e desexe, con posterioridade, continuar os seus estudos nas escolas oficiais de idiomas, deberá someterse de novo ao proceso de admisión.

Con carácter excepcional, poderase autorizar a ampliación nun ano de permanencia nun nivel en supostos de doenza que perturbe significativamente o desenvolvemento dos estudos ou noutros supostos que merezan igual consideración. Correspóndelle á delegación provincial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional outorgar a correspondente autorización, logo de solicitude do alumnado, que irá acompañada de xustificación documental.

O alumnado que non se incorpore ao curso correspondente nos primeiros dez días lectivos sen xustificación documentada perante a dirección, perderá a condición de alumno oficial e a escola poderá dispoñer da súa praza para ser cuberta por outros aspirantes.

► Toda a información relacionada cos documentos de avaliación queda recollida na *CAPÍTULO IV (DOS DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN)* da *Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de setembro de 2008)* modificada por la *ORDE do 19 de abril de 2012 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

► Toda a información relacionada coas reclamacións ás cualificacións queda recollida no *Artigo 7º (Procedemento para formular reclamacións sobre os resultados finais da avaliación)* da *Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de setembro de 2008)* modificada por la *ORDE do 19 de abril de 2012 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

5.5. SESIÓNS DE ESTADARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS

Para garantir a fiabilidade das probas de certificación das escolas oficiais de idiomas, a Resolución do 17 de decembro de 2014 establece que o profesorado deberá participar en sesións

de estandarización para a corrección destas. Estas sesións dedicaranse á estandarización dos criterios de avaliación da expresión oral e expresión escrita dos niveis que certifique o departamento (que poden ser básico, intermedio e avanzado). Estas sesións leváranse a cabo ao menos unha vez no curso académico, preferiblemente antes da administración das probas de certificación.

Para levar a cabo as sesións, o xefe de departamento seguirá as seguintes pautas:

1. Seleccionará mostras de probas de expresión oral e escrita feitas por candidatos dos distintos niveis da convocatoria anterior.

2. Estas mostras repartiranse entre o profesorado do departamento, que deberá avalialas de forma individual, utilizando as ferramentas propias das probas de certificación (baremos, guías de administración, criterios de avaliación, MECR, etc.).

3. O profesorado fará unha posta en común dos seus resultados, ben reunido como departamento, ou ben en grupos pequenos, co obxectivo de chegar a un entendemento común dos descritores dos baremos de avaliación.

4. Se hai desacordo nas notas outorgadas, o profesorado deberá chegar a un consenso a través do debate, sempre apoiado nos criterios de avaliación do nivel.

Este proceso levará a que o profesorado chegue a unha comprensión máis profunda das características da produción oral e escrita dos candidatos en cada un destes niveis, e tamén resultará nun maior grao de fiabilidade na avaliación das probas de expresión.

5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para as probas terminais de certificación utilizaranse os baremos incluídos na Guía da Administración das Probas de Certificación dos correspondentes niveis. Para a avaliación de progreso e promoción dos niveis Básico e Intermedio o Departamento de Español tamén utilizará os baremos correspondentes das probas de certificación. Estas táboas de baremación poderanse consultar na páxina web da escola, www.eoisantiago.org.

6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

No ensino das linguas, a metodoloxía é o conxunto de procedementos que se empregan para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. Neste sentido, teranse en conta elementos clave como:

- O ensino do idioma desde unha perspectiva de uso.
- O fomento do emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación.

-A orientación do ensino cara ao desenvolvemento das actividades de lingua.

-O fomento da autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.

O obxectivo principal das aulas será a comunicación, utilizando desde o principio e na medida do posible a lingua estudada como vehicular, favorecendo o contacto constante do alumnado coa lingua. Por outra parte, integrarase dentro destas tarefas comunicativas, as actividades de lingua de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas. Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, o alumnado debe implicarse de xeito activo na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario deste proceso.

Así, a metodoloxía empregada ten como base un modelo de ensinanza comunicativo (cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma) e orientado á acción, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está estudar. Parte dunha idea do alumno como usuario da lingua.

Este enfoque ten como centro a realización de tarefas: na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, compramos billetes de avión, solicitamos información en ámbitos da nosa vida profesional, pública ou persoal, expresamos dúbidas respecto de opinións ou proxectos familiares ou profesionais...), e isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

Unha tarefa é calquera iniciativa para a aprendizaxe que implique a realización na aula de actividades de uso da lingua representativas das que se poden levar a cabo fóra dela, que estea estruturada pedagoxicamente, que estea aberta á intervención activa e ás achegas persoais dos que a executan, que requira deles unha atención prioritaria ao contido das mensaxes e que lles facilite ocasión e momentos de atención á forma lingüística.

Estas tarefas deseñaranse tomando como base os obxectivos definidos no currículo e nesta programación, pero tendo tamén en conta as necesidades reais e intereses e contextos de uso do alumnado.

A miúdo na aula existirá un perfil competencial desigual, e motivacións e intereses diversos e deberemos adaptar a metodoloxía para que todo o mundo acade os obxectivos correspondentes ao nivel e por outra parte reciba resposta ás súas necesidades e intereses.

Os principios metodolóxicos en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe serán os seguintes:

- A realización de tarefas e a recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas en cada nivel do currículo.

- A aprendizaxe centrada no alumno e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación deste na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo en conta á hora de deseñar as tarefas (traballando con materiais que respondan aos seus intereses, mesmo propostos por el); tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe (e, xa que non é posible dar resposta a cada un deles por separado, polo menos axustar a nosa axuda ás características xerais do grupo); identificando os seus coñecementos previos para activalos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de autoavaliación. Deste xeito, propoñendo tarefas e utilizando recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses e aos seus futuros contextos de uso, lograremos maior motivación.
- O fomento de actitudes como o plurilingüismo e o multiculturalismo, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo. Deben aproveitarse os coñecementos doutras linguas para mellorar a competencia na lingua que se está a aprender, salientando as similitudes e diverxencias.
- O estímulo da capacidade de aprender a aprender e o fomento da autonomía na aprendizaxe, da autoaprendizaxe e das condicións que permiten o seu desenvolvemento para aprender ao longo da vida.
- O fomento na clase dunha dinámica que favoreza a interacción comunicativa (entre o alumnado e co profesor), creando un clima de axuda mutua, cordialidade, empatía, respecto e interese, de confianza e motivación dentro e fóra da aula. Neste curso haberá que ter en conta o estricto cumprimento do protocolo sanitario, polo que as interaccións realizaranse respetando sempre o mesmo.
- A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, mediante recursos metodolóxicos que teñan en conta estas diferenzas, e que será obxecto do apartado seguinte na programación.
- A concepción da aula como un espazo social e de aprendizaxe, e da clase como un acontecemento comunicativo en que se produce lingua nun contexto social real.
- A reflexión do docente (individualmente e en colaboración co alumnado) sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para obter conclusións e poder aplicar de xeito eficaz o enfoque metodolóxico adoptado, así como para poder proporcionarlle ao alumnado indicacións sobre o propio control e sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.

Daquela, debemos dedicar momentos da aprendizaxe:

- á análise do proceso de aprendizaxe -que erros se cometen e por que, que se sabe facer respecto da tarefa proposta e que se necesita aprender para tratala con éxito e corrección lingüística-; a realización de enquisas sobre este.
- á identificación dos coñecementos doutras linguas (lingüísticos, textuais, sociolingüísticos e culturais de uso) que poden axudar a aprender esta.
- á referencia a recursos que favorezan autonomía do aprendiz e a autoaprendizaxe. Por exemplo, as TIC, o Portfolio, etc.
- ás estratexias de comunicación (planificación, execución, control e reparación) requiridas para levar a cabo as actividades comunicativas.

Os contidos introducíranse en función das necesidades do proceso de aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. Aínda que estes aparezan no currículo e na programación separadamente, non se trata de velos na aula de forma illada, senón integrados no marco dunha tarefa e en función das necesidades lingüísticas para levala a cabo. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica.

A avaliación será sempre coherente cos obxectivos e contidos da programación. Debemos optar por unha avaliación distinta da tradicional, que se baseaba fundamentalmente na corrección dos erros. Estes son proba da vontade que ten o alumno de comunicarse a pesar de equivocarse, e son produto inevitábel e pasaxeiro da interlingua que desenvolve. Débense corrixir se interfíren na comunicación (e a posteriori, unha vez realizada a tarefa ou proba, cando non afecte o desenvolvemento desta). Por tanto, a corrección é un aspecto máis da avaliación (máis importante conforme o nivel é máis alto), a carón da riqueza, a cohesión, a coherencia e a adecuación.

É conveniente que o alumnado realice tarefas tamén fóra da aula. O profesorado debe revisar tanto estas como as realizadas na aula e entregarllas ao alumno con notas aclaratorias ou comentalas na aula de forma non personalizada. Evítase na medida do posible o uso de metalinguaxe gramatical na práctica diaria e sobre todo na avaliación.

Os textos escritos e orais que se utilicen deberán ser auténticos dentro do posible (material audiovisual como música, curtametraxes e longametraxes, documentais, material radiofónico ou da TV, fotos, cómics, artigos de xornal e revista, *blogs*, *audioblogs*, *podcasts*, etc.). Por outra parte, ao procurar que a aprendizaxe se faga tamén a través de textos de diverso tipo

(literarios, xornalísticos, etc.,), a adquisición de coñecementos terá un carácter menos mecanizado.

Para procurar o dinamismo na clase e evitar a monotona é conveniente alternar as tarefas relativas ás diferentes destrezas (de expresión oral e escrita, e de comprensión oral e escrita). Daráselles preferencia ás actividades de tipo práctico e fomentaranse as actividades comunicativas máis lúdicas e creativas e utilizarase, sempre que for posible, o material adicional do que dispón o departamento (vídeos, DVD, CD, cintas, cancións, xogos didácticos...) así como o acceso á rede para dinamizarmos as clases e ao mesmo tempo consolidar os contidos nocionais e funcionais, lingüísticos e temáticos desenvolvidos. Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introduciranse en función dunha tarefa concreta, para axudar ao desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo).

A lingua usada na aula polo alumnado e polo profesor como vehículo de comunicación será o español, xa desde os niveis máis baixos, para garantir unha maior exposición directa do alumnado ao idioma obxecto de estudo.

En resumo, aplicarase unha metodoloxía que resulte:

Práctica: de xeito que lle proporcione ao alumnado soltura no manexo do español.

Realista: que estea en consonancia coa realidade de coñecementos previos e cos centros de interese do propio alumnado.

Flexible: que permita a adecuación do programa ás necesidades e preferencias do alumnado.

Integral: que procure a formación do alumnado dunha maneira completa, que non se limite soamente á forma da lingua, senón que toque tamén a realidade social que a conforma e todos puntos sobre a cultura española cuxo coñecemento poida supoñer para o alumnado unha mellora da competencia.

Contextualizada: permitir a adecuación do programa á contorna así como ás necesidades e carencias do alumnado.

Progresiva: partindo do básico, para conseguir, pouco a pouco, unha maior complexidade e participación do alumnado.

7. RECURSOS DIDÁCTICOS

Para a súa elección realizouse unha selección baseada nos obxectivos e contidos da programación didáctica e no enfoque comunicativo. No uso dos recursos destaca o feito de que estes sexan, na medida do posible, auténticos e se empreguen co fin de materializar situacións reais do uso da lingua.

A utilización de material creado explicitamente con fins didácticos, como por exemplo os libros de texto, responderá ás necesidades do proceso de aprendizaxe e non excluírá o uso de materiais auténticos.

A continuación, noméanse os que serán máis relevantes para o desenvolvemento da programación:

Humanos:

O/a profesor/a do grupo.

Físicos:

A aula designada ao grupo, o departamento, a biblioteca e a sala de lectura, a aula de recursos, a aula de informática e a de autoaprendizaxe, as saídas culturais...

Virtuais:

Aula virtual de Moodle.

Materiais:

BÁSICO INTENSIVO - Nivel A1 Intensivo (1º cuadrimestre: setembro-xaneiro)
LIBRO DE TEXTO: *Aula Internacional Plus 1*. Editorial Difusión, Barcelona, 2020.

BÁSICO INTENSIVO - A2 Intensivo (2º cuadrimestre: xaneiro-maio)
LIBRO DE TEXTO: *Aula Internacional Plus 2*. Editorial Difusión, Barcelona, 2020.

BÁSICO A1/A2 (anual)
LIBRO DE TEXTO: *Aula Internacional Plus 1*. Editorial Difusión, Barcelona, 2020.

• MATERIAL COMPLEMENTARIO:

Castro, Francisca. *Uso de la gramática elemental*, Ed. Edelsa, 2010.

Cuadernos de gramática española A1, Difusión, Barcelona, 2018.

Cuadernos de gramática española A2, Difusión, Barcelona, 2012.

Palacios, Rosa. *Vocabulario activo e ilustrado del español*, SGEL, Madrid, 2010.

Actividades para el MCER A1 y A2 + audio (nueva edición), En Clave ELE, 2018.

Gramática de uso del español, Ed. SM, Madrid, 2009.

INTERMEDIO – NIVEL B1

LIBROS DE TEXTO: *Aula Internacional 3*. Nueva edición, Editorial difusión, Barcelona, 2015.

• **MATERIAL COMPLEMENTARIO:**

Alonso Raya, Rosario et alii: *Gramática básica del estudiante de español*, Difusión, Barcelona, 2005.

Castro, Francisca: *Uso de la gramática intermedio*, Edelsa, 2010.

Cuadernos de gramática española B1, Difusión, Barcelona, 2016.

Actividades para el Marco Común Europeo B1+audio, En clave ELE, Madrid, 2018.

Gramática de uso del español B1-B2. Ed. SM, Madrid, 2009.

Vocabulario ELE B1, SGEL, Madrid, 2013

INTERMEDIO – NIVEL B2

LIBROS DE TEXTO: *Aula Internacional Plus 4*. Editorial Difusión, Barcelona, 2022.

Aula Internacional Plus 5. Editorial Difusión, Barcelona, 2022.

• **MATERIAL COMPLEMENTARIO:**

Castro, Francisca: *Uso de la gramática avanzado*, Edelsa, 2007.

Actividades para el Marco Común Europeo B2 +audio, En clave ELE, Madrid, 2018.

Gramática de uso del español B1-B2. Ed. SM, Madrid, 2009.

Vocabulario ELE B2, SGEL, Madrid.

AVANZADO – NIVEL C1

LIBROS DE TEXTO: *Vitamina C1*, SGEL, Madrid, 2021.

• MATERIAL COMPLEMENTARIO:

"C de C1. Cuaderno de ejercicios", Editorial Difusión

Uso de la gramática avanzado, Francisca Castro, Edelsa, 2007

Temas de gramática. Nivel superior, Concha Moreno, SGEL, 2008

Gramática de uso del español: teoría y práctica C1 – C2, Ramón Palencia del Burgo y Luis Aragonés Fernández, Ed. SM, 2007

Actividades para el Marco Común Europeo C1+ audio (nueva edición), Sara Robles Ávila, enCLAVE Ele, Madrid, 2015

Libros de consulta recomendados para todos os cursos e niveis:

• MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA DESTREZAS ESCRITAS

Compresión lectora (A1-A2), En clave ELE, Madrid, 2017.

Compresión lectora (A2-B1), En clave ELE, Madrid, 2017.

Escribe en español (A1-B2), SGEL, 2006.

Expresión escrita (A1-A2), En clave ELE, Madrid, 2019.

Expresión escrita (A2-B1), En clave ELE, Madrid, 2018.

Leer en español (A2-B1), SGEL, 2008.

• MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA DESTREZAS ORAIS

Comprensión auditiva (A1-A2), En clave ELE, Madrid, 2017.
Comprensión auditiva (A2-B1), En clave ELE, Madrid, 2017.
Expresión oral (A1-A2), En clave ELE, Madrid, 2018.
Expresión oral (A2-B1), En clave ELE, Madrid, 2017.
Rodríguez Rodríguez, María. *Escucha y aprende*, SGEL, Madrid, 2008.

- MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA ORTOGRAFÍA
Hernández, Guillermo. *Ortografía fácil*, SGEL, Madrid, 2007.

8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO

A elaboración da programación didáctica é unha oportunidade para que o profesorado poida reflexionar sobre os materiais e as ferramentas que utilizará na súa práctica docente. Nalgúns casos, todo o material didáctico será elaborado polo profesorado que imparta o nivel. Noutros, o profesorado utilizará un libro de texto como apoio á docencia. En todos os casos, e tratándose tanto de materiais creados con anterioridade como publicados por editoriais, o momento da elaboración da programación didáctica irá da man da revisión destes materiais e a análise das carencias que se detecten. Tamén irá acompañado dunha proposta de materiais que deberán ser creados ou atopados para poder completar a programación dunha forma satisfactoria, prestando especial atención aos materiais de mediación, por ser a nova destreza a incorporar.

Cada departamento didáctico terá un banco de materiais, co obxectivo de facilitar que o profesorado poida acceder facilmente aos materiais antes descritos, mesmo profesorado de nova incorporación ou substituto, etc.

O banco clasificará os materiais en dous tipos: material obrigatorio, que forma parte esencial da programación didáctica, e material de uso opcional, presente para completar e enriquecer a docencia. O profesorado que imparta o nivel clasificará e organizará este material manténdoo actualizado, e facilitará o acceso a este, creando unha copia en formato dixital.

9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO

Xunto cos recursos didácticos mencionados, recoméndase o seguinte listado de bibliografía e material:

• DICCIONARIOS:

Diccionario de uso del español. María Moliner (3ª ed.) de Moliner, María. Gredos, 2007.

Diccionario esencial de la lengua española, RAE, ed. Espasa, Madrid, 2006.
Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles, Seco, Manuel y Andrés, Olimpia, Madrid, 2004.

• **ORTOGRAFÍAS:**

Hernández, Guillermo: *Ortografía básica*. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

• **GRAMÁTICAS:**

Gramática básica del estudiante de español. Ed. Difusión, Barcelona, 2005.

Gramática contrastiva de español para brasileiros. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

Gramática práctica del español actual. Ed. Sgel, Madrid, 2008.

Neva gramática de la lengua española. Ed. Espasa, Madrid, 2009.

Nueva gramática de la lengua española. Manual. Ed. Espasa, Madrid, 2010.

• **LÉXICOS:**

El bloc español en imágenes. Ed. Edinumen, Madrid, 2007.

Vocabulario activo e ilustrado. Ed. Sgel, Madrid.

• **LIBROS COMPLEMENTARIOS:**

Practica tu español. Las expresiones coloquiales. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

Practica tu español. Las preposiciones. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

Practica tu español. Practica la conjugación. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

Practica tu español. Los tiempos de pasado. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

Practica tu español. Ejercicios de pronunciación. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

Practica tu español. Ser y estar. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

Practica tu español. Marcadores del discurso. Ed. Sgel, Madrid, 2007.

• **LIBROS ESPECÍFICOS:**

Español para hablantes de alemán. Ed. Sgel, Madrid, 2006.

Español para brasileños. Ed. Sgel, Madrid, 2006.

Español para hablantes de polaco. Ed. Sgel, Madrid, 2006.

Español para hablantes de francés. Ed. Sgel, Madrid, 2008.

Español para hablantes de chino. Ed. Sgel, Madrid, 2008.

• **MATERIAIS EN REDE PARA A AUTOAPRENDIZAXE:**

GRAMÁTICAS

• <http://www.rae.es/>

Real Academia Española. Sitio web da institución, con ferramentas como: diccionario electrónico, diccionario de dúbidas, conxugador de verbos, ortografía.

• <http://www.verbolog.com/conju3.htm>

Conxugador de verbos.

DICIONARIOS

• <http://cvc.cervantes.es/oteador>. Dicionarios bilingües en liña.

• <http://clave.librosvivos.net/> Dicionario monolingüe (español-español).

• <http://www.diccionarios.com/> Sitio web con varios diccionarios bilingües en liña.

• <http://www.elmundo.es/diccionarios/> Dicionario da lingua española, diccionario de sinónimos e dicionarios bilingües inglés-español e francés-español.

ACTIVIDADES

• www.todoele.net Actividades variadas para profesores e alumnos.

- www.proele.com Actividades variadas para profesores e alumnos.
- www.berlinele.blogspot.com Actividades variadas para profesores e alumnos.
- www.zonaele.com Actividades variadas para profesores y alumnos.
- www.elenet.org/alumnos Diversos materiais para aprender: actividades, lecturas interactivas e dicionarios.
- www.eldigoras.com Portal con actividades organizadas por niveis.
- <http://ver-taal.com/index.html> Excelente sitio web organizado por apartados para traballar as catro destrezas.
- <http://auladiez.com/ejercicios/index.html> Páxina con exercicios en español de todos os niveis e temas gramaticais.
- <http://redgeomatrica.rediris.es/elenza/materiales> Materiais pensados para a clase de español, pero útiles tamén para a autoaprendizaxe.
- <http://usuarios.lycos.es/gurb/materiales.htm> Actividades variadas para profesores e alumnos.
- <http://www.elenet.org/alumnos> .Elenet. Materiais interactivos para aprender español: actividades, lecturas interactivas, dicionarios, etc. Sitio web mantido por un profesor de español.
- <http://cvc.cervantes.es/aula/%20>. Centro Virtual Cervantes: Aula de lengua. Gran cantidade de materiais de moi variados para aprender e ensinar español: lecturas interactivas, exercicios de gramática e léxico, xogos...

BIBLIOTECAS

- www.opacmeiga.rbgalicia.org. Rede de bibliotecas de Galicia.
- www.bne.es Biblioteca nacional

EDITORIALES CON RECURSOS EN INTERNET

- www.campus.difusion.com
- www.edelsa.es
- www.edinumen.es
- www.esespasa.com
- www.sgel.es
- www.anayamascerca.com

PRENSA EN ESPAÑOL

- www.lavozdeg Galicia.es
- www.farodevigo.es
- www.elmundo.es
- www.elpais.es
- www.elperiodico.com
- www.lasrevistas.com. Busca revistas por temas e ten comentarios sobre os contidos.
- www.todalaprensa.com. Buscador de prensa de España e Hispanoamérica.

RADIO EN ESPAÑOL

- www.rne.es/envivo.htm Todas as emisoras de Radio Nacional de España.
- www.radio.un.org/es Emisora de radio da ONU, con noticias internacionais que se poden escoitar e ler.
- www.analitica.com/bitbliblioteca/home/radios.asp

CHATS EN ESPAÑOL

- www.espanlshchat.com
- www.language=exchange.co.uk
- <http://espanol.chat.yahoo.com>

- <http://www.frasescelebres.com/>

Ademais potenciárase o emprego de material real, como prensa, revistas, páxinas web, fragmentos de películas en español, cancións, xogos, vídeos didácticos, etc.

10.MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC

Vivimos nun mundo globalizado onde as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na vida das persoas, tanto na vida cotiá como na profesional, privada ou no tempo de lecer, están a cada paso máis presentes, e a aprendizaxe de linguas non é ningunha excepción a esta tendencia: os recursos en liña que permiten axudar a esta aprendizaxe multiplícanse de forma exponencial. Por outra banda, as circunstancias actuais fan imprescindible o uso das novas tecnoloxías.

Parte do noso alumnado está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais: resultaralle moito máis satisfactorio facer actividades de aprendizaxe non só centradas na cultura escrita e impresa senón tamén na cultura dixital. Outros alumnos, aínda que non dominan eses recursos, están interesados en facelo. Por tanto, resulta conveniente utilizar, **ademais dos recursos dispoñibles no centro (ordenador, PDI, tabletas...), outros presentes en internet**, tendo en conta que a EOI está equipada con conexión ADSL, *wifi* e espazos de traballo que permiten tanto o acceso colectivo (durante a clase) como o acceso individual (fóra da aula) a recursos existentes na rede.

As vantaxes do uso das TIC no ensino de idiomas son, entre outras, a motivación (carácter innovador e interactividade), o método e rigor, o traballo ao ritmo persoal, a autonomía e a interdisciplinidade. Máis especificamente, internet supón outra forma de estar en contacto coa lingua auténtica, fai entrar o mundo exterior na aula e serve como punto de partida para múltiples actividades.

Así pois, convén:

- **Favorecer o uso de redes sociais e da web** como ferramenta tanto de recepción como de produción de información e interacción / intercambio con outros usuarios da lingua aprendida (uso de *blogs, podcasts, wikis...*).
- **Fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia** que utilicen as TIC (*chat*, correo electrónico, foros, telefonía ou videoconferencia a través de internet, co programa *Webex*, por exemplo): estes recursos permiten realizar proxectos tanto con participantes de países nos que o español tamén se estuda ou é vehículo de comunicación ou nos que se traballe de forma multilingüe.

- Favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na *web* (como por exemplo, a través das *webquests*: investigacións a través de internet), utilizando o español, e promover a creación de *webquests* para usalas nas clases, como actividades complementarias ou de síntese da materia.
- Promover o uso de plataformas de xestión de aulas virtuais.
- Para concluír, pódese salientar que as actividades que fomenten o uso das TIC son valiosas ferramentas para poñer en práctica o traballo por tarefas, enfoque metodolóxico que defende o MECR; e máis hoxe en día.

11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Este é un principio que debe rexer todo o ensino para lle proporcionar ao alumnado unha educación adecuada ás súas características, necesidades, capacidades, motivacións e estilos de aprendizaxe. As EOI deben procurar, na medida en que o permitan os seus recursos, medidas flexibles que se adecúen ás diferenzas individuais na aprendizaxe. No ámbito educativo, a diversidade maniféstase en función de factores sociais, culturais, xeográficos, económicos, étnicos, relixiosos... e, principalmente, nas propias capacidades da persoa, como poden ser as intelectuais, motrices ou sensoriais.

Atendendo a todo isto, os contidos introducíranse planificando actividades e materiais didácticos diferenciados, graduando a dificultade das actividades (ampliación, afondamento ou reforzo), procurando recursos diferentes, agrupando de forma distinta e planificando os reforzos. En canto á metodoloxía, consideráranse na programación de aula, polo menos, estas catro situacións:

- Alumnado que pode realizar actividades pouco complexas.
- Alumnado que pode realizar actividades máis complexas.
- Alumnado que avanza con diferentes ritmos.
- Alumnado con dificultades obxectivas de aprendizaxe.

Cómpre considerar a posibilidade de realizar repeticións, exercicios de apoio, redución de tarefas, adaptacións e orientación. Así mesmo, terase en conta a organización do espazo e do tempo na aula e a procura de estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Na medida do posible, seguiranse os principios do Deseño Universal da Aprendizaxe tanto na práctica na aula como no deseño de materiais.

Para evitar que as persoas teñan problemas para levar o ritmo da clase, é fundamental que o enfoque sexa multisensorial e multitarefa. É evidente que unha clase dedicada

exclusivamente á comprensión lectora resultará atractiva para unha parte do alumnado, pero aqueles con algunha disfunción visual non terán as mesmas oportunidades de participar. Do mesmo xeito, unha actividade de audición resultará menos atractiva para aqueles que teñan problemas auditivos. Un achegamento multisensorial, onde se integren as catro destrezas de ler, escoitar, escribir e falar fará que este alumnado teña máis posibilidades de éxito.

En canto á avaliación, é necesario avaliar conforme ás diferentes capacidades do alumnado; valorar a eficacia das medidas adoptadas e do material empregado. A organización, aplicación e avaliación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con discapacidades basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes, contemplando aquelas medidas que sexan necesarias para a súa adaptación ás necesidades específicas deste alumnado.

Alumnado con dificultades cognitivas e/ou de memoria de traballo

Estratexias para minimizar as dificultades de aprendizaxe previndo unha sobrecarga da memoria de traballo, promover as funcionalidades de traballo e empregar estratexias de aula e impacto no deseño das unidades didácticas:

- Reduciras intervencións faladas do profesorado, canto máis fala máis ten que loitar o alumnado por entender.
- Avaliaras demandas de traballo das actividades de aprendizaxe e reducir a dificultade de procesamento. As actividades que supoñen demandas dun almacenamento moi grande/de memoria de traballo implican frecuentemente a retención de cantidades significativas de material verbal cun contido relativamente arbitrario (p.e. lembrar secuencias de tres ou máis números ou palabras que non se relacionan entre si).
- Dar tempode procesamento extra para contestaren preguntas (tempo de espera); **simplificar a cantidade de procesamento mental dándolles "pistas" escritas no taboleiro.**
- Acrecentaro grao de significado e de familiaridade do material que hai que lembrar (personalizar e contextualizar).
- Repetir información importante (repetición espaciada), deterse de cando en cando e preguntarlles que resuman o que aprenderon até o momento.
- Dividir instrucións que teñen múltiples pasos en pasos separados, dándolles tempo para realizar os pasos; darlles instrucións escritas como referencia; reestruturar tarefas complexas (dividir en anacos máis pequenos).

- Animar a usar axudas para a memoria (información chave, incluídos os obxectivos das unidades ou actividades, criterios de avaliación, etc; usar mapas conceptuais; apoios visuais).
- Empregar diferentes organizadores gráficos para ensinar novos conceptos e informacións.
- Minimizar a ansiedade e temores do alumnado, porque impactan na capacidade cognitiva.
- Proporcionar recursos prácticos (na súa mesa, se se precisar) para reducir a sobrecarga de memoria, por exemplo, comezos de oracións, soletreo de vocabulario chave, papel pautado, etc.
- Reducir a cantidade total de material que haxa que almacenar ou lembrar (por exemplo, acurtar as oracións que teñan que escribir ou o número de items que teñan que lembrar).
- Usar técnicas de ancoraxe para asegurar que poidan ligar coñecementos previos, proporcionar o contexto, desenvolver rutinas, etc.

O procesamento oral na memoria de traballo supón grandes dificultades, por exemplo, seguir as instrucións orais, coller apuntamentos nas conferencias, respostas escritas a preguntas orais, etc. Por tanto, debemos reducir as cargas da memoria de traballo por medio de:

- Simplificar as instrucións e dividilas en pasos individuais (con axuda de axudas de memoria se for posíbel).
- Dividir as preguntas en segmentos para minimizar a carga de memoria.
- Repetir o contido varias veces para que o alumnado o ouza e procese claramente.
- Animar o alumnado a pedir información cando se require.
- Dar ao alumnado máis tempo de agarda para poderen procesar a información.

Cumpre, ademais, lembrarmos que:

- Cada estudante ten un nivel e función de memoria de traballo e dificultades cognitivas diferentes.
- A memoria de traballo es as dificultades cognitivas van afectar o desempeño nas probas de avaliación.
- A ansiedade, o estrés e o medo engaden máis problemas ás dificultades cognitivas e á memoria de traballo.

- O alumnado que ten moitas dificultades cognitivas e/ou moitos problemas de memoria de traballo na súa L1 vai ter aínda moitos máis coas dificultades cognitivas e coa súa memoria de traballo nunha L2 a

Organizadores gráficos facilitadores da memoria de traballo e que palían as dificultades cognitivas:

- mapas conceptuais e 2 columnas pros/contras (para remuíños de ideas, revisión, vocabulario, conceptualización, etc)
- fichas boca abaixo para descubrir pares, con imaxes, palabras, sons, grafías, etc
- arañeiras ou mapas conceptuais (vocabulario)
- dados
- nubes de palabras (vocabulario, conceptos)
- gráficos: liñas, de barras, tarta.
- **"decision tree"**: elaborar instrucións para resolver un problema
- diagrama de Venn: mostrar similitudes e diferencias
- *Smart Art* de ciclo: mostrar un proceso de causas-consecuencias
- Liñas temporais: tempos verbais
- Mostrar información sobre cinco tipos de dietas por categorías: táboa ou gráfico, fichas con nomes dos tipos de dietas e outras con definicións, e unilos (isto xa non sería presentación, sería o exercicio)
- Clasificar características: Diagrama de Carroll
- Placemat: Debater, contrastar

12. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A aplicación práctica da programación didáctica exige unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen. Podemos identificar diferentes elementos avaliábeis partindo do proceso ensino-aprendizaxe.

Avaliación dos obxectivos

- Se se adaptan ao currículo.
- Se se adecúan aos obxectivos xerais de cada etapa.

- Se se adaptan aos coñecementos e capacidades reais do alumnado nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe.
- Se teñen redundancias ou contidos innecesarios.

Avaliación dos contidos

- Se se adaptan ao currículo.
- Se concretan os obxectivos propostos.
- Se amosan unha lóxica interna.
- Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe.
- Se inclúen autoavaliación do estudante.

Avaliación do conxunto da experiencia educativa

- Se permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.
- Se permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requirimentos, propostas e ideas dos alumnos.
- Se ten en conta o proceso de autoavaliación e autoaprendizaxe do alumno.

Avaliación dos recursos didácticos

- Se apoian a interacción entre os estudantes e entre profesor-alumnado.
- Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fins didácticos do tipo de trípticos, xornais, folletos, etc.
- Se son útiles para o desenvolvemento dos contidos e o alcance dos obxectivos.
- Se permiten a exercitación de diferentes formas de expresión.
- Se son atractivos na presentación dos temas.
- Se estimulan as diferentes formas receptoras.
- Se son adecuados para o seu uso creativo.
- Se estimulan a participación activa do estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.

- Se o estudante participa dalgún xeito na súa escola.

Para analizar estes aspectos, a programación estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado.

A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se considere oportuno. Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

Reunións de coordinación. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, a fin de adaptala ás necesidades do alumnado e facer os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.

Reunións de avaliación final. Estas reunións de final de curso terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, reflectindo na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformulados.

Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible como ás necesidades do alumnado ou a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos que cómpre reformar consignados na memoria serán tidos en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.

Enquisas de interese entre o alumnado. Este instrumento permite coñecer a súa opinión respecto á adecuación do libro de texto, das actividades propostas, da temporalización seguida e do traballo de aula, entre outros datos.

Estatísticas. Despois de facer a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto ao número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica.

13. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Co fin de mellorar o funcionamento interno do departamento, cando menos unha vez ao cuadrimestre comentaranse nas reunións de departamento as seguintes cuestións, ademais de calquera outra que poda ser de interese para o profesorado:

- Actividades extraescolares.
- Recursos didácticos.
- Reunións de coordinación.
- Organización das probas.

14. PROCEDIMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

Como en calquera aspecto da vida, tamén nos centros de ensino é necesario, antes de deseñar e intervir, realizar unha análise de necesidades que nos permita calcular coa maior exactitude posible os aspectos en que debemos centrar o noso traballo formativo, como debemos realizalo e secuencialo, etc. É importante que a análise das necesidades non sexa realizada “de arriba para abaixo”, é dicir, que non sexan exclusivamente os membros dos equipos directivos, da inspección ou da Consellaría os que determinen cales son as necesidades que ten o profesorado.

Os procedementos básicos que se utilizarán para detectar as necesidades de formación do profesorado do departamento serán principalmente tres:

Observación: a simple observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados a través da acción formativa como dificultades para usar programas de gravación de vídeos e audios ou *podcasts* como Roxio, Nero, Audacity no formato adecuado (Avi, mp3...), para reproducir audios e vídeos nos aparellos da aula, para usar o encerado interactivo, etc.

A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas e das queixas do alumnado.

Reflexión en grupo. O proceso podería ser o que segue:

- **Distribución do profesorado (dun único departamento ou de varios) en grupos de 3 ou 4 persoas; escolla de voceiro.**
- **Reflexión individual sobre as propias necesidades e elaboración dunha listaxe.**

- Debate no grupo e contraste das reflexións individuais para conseguir unha proposta consensuada (sen excluír ningunha das anteriores); posteriormente repetirase o proceso cos resultados dos outros grupos.
- Enquisas dirixidas ao profesorado ou ao alumnado. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:
 - Anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir á man e non se farán preguntas identificadoras.
 - Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.
 - O principal problema da enquisa, a pesar destas “precaucións”, será a inevitable subxectividade das percepcións das persoas entrevistadas.

A presente PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO 2024/2025
foi elaborada pola xefatura do Departamento de español da EOI de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024